

**ACTA**

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano colexiado</b>
PLN/2026/3	O Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo Convocatoria:** Ordinaria

**Data e hora:** 1ª convocatoria: 26 de febreiro de 2026 ás 20:00

2ª convocatoria: 2 de marzo de 2026 ás 20:00

**Lugar:** SALÓN DE PLENOS

**Presidida por:** FRANCISCO CALO ABELLEIRA

**Secretario:** GUILLERMO JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>Núm. de identificación</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
78797031C	Andrés Castro Abelleira	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSE ANTONIO CAAMAÑO LESTON	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	SOL AGRA TUÑAS	SÍ

**Escusas de asistencia presentadas:**



1. ANXO NUÑEZ FERNANDEZ:  
«enfermidade»
2. CARLOS LEIS PEDROSA:  
«asunto urxente»

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, procedéndose primeiramente á lectura dunha declaración institucional polo 8 de marzo, día internacional da muller.

Procede o secretario da corporación a dar lectura ao texto, cuxo teor literal é o seguinte:

*“Os grupos políticos con representación no pleno do concello de Outes e o membro non adscrito manifestan o seguinte:*

*O artigo 14 da Constitución española proclama o dereito á igualdade e a non discriminación por razón de sexo; Pola súa parte o artigo 9.2 do establece a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que nos que se integra sexan reais e efectivas.*

*Son moitos os dereitos obtidos dende o ano 1975, cando a ONU proclamou o Día Internacional polos Dereitos da Muller, pero son moitos tamén os que quedan por acadar. Este 8 de marzo de 2026, as Nacións Unidas, baixo o lema “Dereitos, Xustiza, Acción. Para todas as mulleres e as nenas”, anímanos a esixir a igualdade de dereitos e tamén a xustiza para que eses dereitos se cumpran, exerzan e desfruten. Por iso, como cada ano, dende o noso concello volvemos a reivindicar a necesidade de avanzar nunha igualdade efectiva entre mulleres e homes que nos permita acadar unha sociedade xusta e democrática*

*O concello de Outes amosa o seu firme compromiso coa promoción e protección dos dereitos das mulleres e nenas, así como coa igualdade real entre mulleres e homes, a través dunhas políticas que resolvan as desigualdades materiais e salariais existentes entre ambos os dous xéneros. Así mesmo, reforza ano a ano a súa aposta pola igualdade e polos servizos específicos que a promoven e garanten, tanto dende espazos de responsabilidade como desde os equipos técnicos ao servizo da veciñanza. Neste camiño, cómpre alertar sobre o risco de idealizar modelos que reproducen desigualdades históricas e que poden supoñer un retroceso nos avances acadados en materia de igualdade, dereitos das mulleres, autonomía, corresponsabilidade e participación nos espazos de decisión.*

*E por iso, dende a Corporación de Outes convidamos a toda a veciñanza a sumarse a esta declaración e a participar nos actos que se celebrarán ao longo*



*de todo o mes de marzo, así como a apoiar todas aquelas accións e iniciativas que reivindicuen a igualdade entre homes e mulleres e a loita contra a violencia de xénero. “*

Finalizada a lectura, procédese á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>	
<b>Aprobación das actas das sesións plenarias celebras en datas 18/12/2025, 08/01/2026 e 29/01/2026</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Resolución:**

E non habendo observacións danse por aprobadas as actas por unanimidade dos (11) membros posibles.

<b>Expediente 143/2026. APROBACIÓN PLAN NORMATIVO 2026</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde dase lectura a proposta de acordo, ditaminada pola comisión de servizos, que ten o seguinte teor literal:

*“Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 11.02.2026, e de conformidade co previsto no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,*

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Plan Anual Normativo deste Concello, que ten o seguinte tenor literal:

**PLAN NORMATIVO PARA O 2026**

*D. Francisco calo Abelleira, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña),*

**EXPOÑO**

*Que a actual estrutura normativa do concello de Outes precisa de ser actualizada e revisada, tanto para regular novos servizos que se pretenden poñer en marcha como para acompañar os prezos e taxas públicas aos cambios no custe da vida;*



*Por ese motivo, o goberno actual, a efectos do plan normativo 2024 e sen menoscabo de condicionar os cambios a análises máis polo miúdo, propónse o seguinte:*

### **PLAN NORMATIVO**

- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora polo uso dos pavillóns municipais.*
- *Modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades culturais e deportivas*
- *Modificación do regulamento de funcionamento da piscina municipal*
- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos na pista de pádel municipal*
- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos na piscina municipal climatizada de Outes*
- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos na escola de vela do Freixo*
- *Modificación do Regulamento do programa Outes Concilia*
- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora pola prestación do servizo Outes concilia*
- *Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do cobro de entradas de eventos culturais*
- *Modificación da ordenanza fiscal de Bodas*
- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do campo de fútbol municipal e normas de uso*
- *Modificación da Ordenanzas de uso dos areais: zonas de baño, zonas de cans...*
- *Creación de ordenanza reguladora da protección dos camiños municipais en relación coas operacións forestais, acceso as fincas e conservación das mesmas.*
- *Modificación de regulamento e ordenanza reguladora para a adxudicación, normas de funcionamento e utilización da vivenda social municipal*
- *Modificación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización de vivendas municipais destinadas a alugueiro social.*



- *Modificación do regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de OUTES (AVPC).*

**SEGUNDO.-** *Publicar o presente acordo no Portal da Transparencia deste Concello [<https://outes.sedelectronica.gal/transparency>] co fin de que este ao dispor dos interesados."*

Inicia o debate a voceira de Compromiso Outes, a sra. Quintela Vilariño, sinalando que o plan é demasiado ambicioso, xa que pretenden modificar 15 ordenanzas e crear unha nova nos 10 meses que restan do ano, lembrando a parálise existente na tramitación da administración.

De seguindo intervén a voceira do BNG, a sra. Agra Tuñas, que cando o seu partido gobernaba en 2024, o actual goberno mostrou reticencias en regular as taxas do teatro, unha medida que agora lles permite entrar na rede de actuacións de Agadic. Ademais, pide explicacións sobre por que a vivenda social segue sen utilizarse a pesar de ter a ordenanza aprobada dende 2004.

O alcalde intervén defendendo o documento, argumentando que lles gusta "ser ambiciosos" e previsibles co marco normativo, aínda que admite limitacións de persoal por contar actualmente cun secretario acumulado.

Finalizado o debate sométese o punto a votación, quedando aprobado por **MAIORÍA SIMPLE**, cos votos favorables dos grupos municipais do PP (5)+Concelleiro non adscrito, e a abstención de Compromiso Outes (4) e BNG (1).

<b>Expediente 136/2026. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2026</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Expón a proposta a concelleira de Facenda, a sra. Molinos, cuxo teor literal é o seguinte:

*"Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 183.378,99€, que se corresponden coas facturas incluídas nas seguintes relacións contables:*

*- Relación **OPA X/2025/1**, (facturas rexistradas na conta 413 a 31/12/2025), por importe de 91.210,83€( 90.092,54€ gasto orzamentario)*

*- Relación contable **F/2026/1**,(facturas ano 2025 presentadas no ano 2026) por importe de 84.432,16€*



**- Liquidacións asistencias a órganos colexiados 4º TRIMESTRE 2025** (exp. 823/2023), por importe total bruto de 7.745,00€, imputables á aplicación orzamentaria 912 23300

Visto o informe de reparo número 2026-0003, formulado pola Intervención municipal, de data 13.02.2026, no que se manifesta a falta de autorización de gasto nas relacións das facturas indicadas.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2026, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO,**

**PRIMEIRO.** Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

**SEGUNDO.** En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

**TERCEIRO.** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2026, por importe total de 183.378,99€, que se corresponde coas facturas incluídas nas relacións contables referidas, que se xuntan como anexo á presente resolución.

**CUARTO.** Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións contables sinaladas no punto anterior."

Intervén a voceira de Compromiso Outes, mostrando a súa conformidade e indicando que os servizos prestados teñen que pagarse.

A Voceira do BNG sinala que é un procedemento normal, pero reprocha ao actual goberno que no pasado criticase este tipo de pagos esixindo "orde, rigor e control" e unha previsión de pago.

A concelleira de Facenda retruca que o que criticaban antes non era o procedemento en si, senón a desproporción e o descontrol do anterior goberno, que chegou a presentar 437.000 € de facturas nun ano.

Replica a voceira do BNG xustificando aquela acumulación pola necesidade de analizar as facturas de grandes empresas de electricidade e telefonía.

Pecha o punto, a concelleira de Facenda aclara que o descontrol viña de incluír na conta 413 operacións pendentes de aplicar de tódolos meses do ano e incluso de anos anteriores, non só facturas atrasadas de finais de ano.



Finalizado o debate sométese o punto a votación, quedando aprobado por **MAIORÍA ABSOLUTA**, cos votos favorables dos grupos municipais do PP (5)+ COMPROMISO OUTES (4) + Concelleiro non adscrito, e a abstención de BNG (1).

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 2025-0851 ATA O 2026-0094**

O pleno dase por enterado.

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

### **1.- Preguntas presentadas por sede electrónica:**

#### **a) Compromiso Outes**

**Primeira.-** (Formula a sra. Quintela Vilariño)

O pasado 27 de Xaneiro a XGL tomou coñecemento de dúas comunicacións previas presentadas en representación de NORVENTO S.L., para execución do Parque Eólico "Outes" e a súa liña de alta tensión (LAT) de evacuación. Este parque eólico situarase no monte da Pena, nas inmediacións de Banzas e Cabanamoura. A liquidación do ICIO correspondente ascende a uns 167.000 €, cantidade que resulta de aplicar o 4% correspondente. Grazas á suba do tipo impositivo para infraestruturas eléctricas que o noso goberno aprobou en 2021 o noso concello recaudará 41.700 € máis, do que recaudaría se continuara a ordenanza que vostedes deixaran en vigor.

- O pasado mes de decembro o señor alcalde, ante as preguntas do noso grupo e do BNG, negouse a explicar a que se debía a suba na recadación prevista no ICIO. Tampouco o servizo de intervención era coñecedora das razóns desa suba, á vista do expresado no seu informe de intervención. Por que agochou o señor alcalde esa información?

- Que opinión ten o goberno local sobre este proxecto de parque eólico, que terá unha

afección nun espazo de relevancia paisaxística para o noso concello?

- Negociou o goberno municipal algún acordo coa empresa para que unha parte dos beneficios xerados por este parque eólico revertan na veciñanza de Outes? De ser así, cales son os termos do acordo?

Resposta o alcalde, indicando que en ningún caso se ocultou información, e recorda que o incremento do ICIO aprobouse por unanimidade do pleno. Así



mesmo indica que se está a negociar coa empresa a sinatura dun convenio de máis de 200.000 € para arranxar os camiños das aldeas afectadas. Engade que están traballando cos servizos xurídicos para aclarar discrepancias co Catastro e comprobar se o concello está afectado por máis aeroxeradores.

**Segunda.-** (Formula a sra. Quintela Vilariño)

Soubemos a semana pasada que uns días atrás varias familias usuarias da escola infantil municipal deste concello foron multadas pola Garda Civil por deixar o seus vehículos parados no camiño de baixada á escola mentres deixaban ou recollían as súas fillas e fillos na mesma.

Gustaríanos saber se teñen vostedes constancia desta problemática e se prevén ofrecerlles ou se xa lles ofreceron ás familias algunha solución para deixar os coches fóra da vía pública mentres deixan ou recollen as nenas e nenos na escola.

Resposta o alcalde, quen confirma o problema loxístico pero indica que non teñen constancia de que se impuxera algunha sanción, mais reprocha ao goberno anterior que construíra a escola sen prever zonas de aparcamento, e asegura que barallan solucións na vía pública. .

**Terceira.-** (Formula a sra. Quintela Vilariño)

A comunidade do CEIP de Outes leva varios anos traballando nunha profunda renovación pedagóxica xa recoñecida con varios premios e recoñecementos tanto a nivel provincial, coma a nivel autonómico e estatal. Dita renovación, vai máis alá do aspecto didáctico dentro das aulas, buscando crear espazos fóra da aula que sexan máis amables, que acompañen, e estimulen ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Dentro desta renovación, buscan que o seu patio tamén sexa parte do proceso educativo, e para iso, contando co alumnado, buscaron a creación deste espazo exterior a través dun proxecto integrado denominado “Outes soñando o patio” desenvolto no curso escolar 2022-2023. O custe económico deste proxecto é moi elevado, polo que pouco a pouco, ano a ano, se vai tratando de abordar algún dos espazos exteriores para melloralo coas ideas xurdidas por parte do alumnado.

No presente curso escolar, o centro educativo púxose en contacto co estudio de arquitectura LUPO ao cal lle solicitou un proxecto para mellorar o patio cuberto cuxo custo total supera os 80.000€.

A día de hoxe o CEIP de Outes dispón para este proxecto, con gran esforzo,



dunha cantidade de 60.000€.

- Ten o actual goberno intención de facer algunha achega económica a este proxecto?
- En caso afirmativo, cando poderá o CEIP de Outes contar coa súa achega?
- En caso negativo, cal é a razón pola que o goberno de Calo-Caamaño non ve necesario investir neste proxecto?

Resposta o alcalde, mostrando vontade de investir dentro das posibilidades do concello, pero subliña que necesitan un proxecto firme que valore a viabilidade con Augas de Galicia e a Consellería de Educación, ao non ser unha competencia directa municipal.

**Cuarta.-** (Formula a sra. Quintela Vilariño)

Cando se produciu a vergoñenta e inxustificada moción de censura no noso Concello, unha das frases que máis se escoitou foi “incapacidade para xestionar o día a día”. Pois ben, levan un ano ea Rúa Doctor Esperante non conta con alumeado público.

- Cal é o motivo que despois de un ano aínda non fosen quen de solucionar esta problemática?
- Cando ten pensado dotar de alumeado público a citada rúa?
- Acaso a inexistencia de alumeado público non é para vostedes unha mostra de “incapacidade para xestionar o día a día”?

O alcalde resposta culpando á "herdanza" do anterior goberno por deixar un proxecto que non contemplaba nin cableado nin farolas, pero asegura que en breve se dotará de luz definitiva. Indica que a obra está a día de hoxe sen entregar por atoparse á espera a última certificación de obra.

**Quinta.-** (Formula a sra. Quintela Vilariño)

O pasado domingo 25 de xaneiro estaba prevista a celebración do Trail de Outes, que foi aprazado por causas meteorolóxicas e celebrouse o domingo 1 de febreiro. É este un evento que funciona moi ben acollendo moita participación local e tamén traendo moitos visitantes ao noso concello para disfrutar do deporte e deleitarse co noso patrimonio natural gracias ao esforzo do clube de atletismo de Outes. Parécenos oportuno facerlles a seguinte consulta:

- Participou o concello na financiación deste evento?
- Cal é a cantidade aportada e de que partida orzamentaria procede?



O alcalde responde que aportaron 2.720 € para o Trail.

**Sexta.-** (Formula a sra. Quintela Vilariño)

No ano 2022 durante o noso mandato e gracias ao dinamismo da axencia de desenvolvemento local comezouse a organizar un concurso de tapas, que daba “vidilla” aos locais participantes e animaba á veciñanza a participar e saír á rúa nunha temporada en que a meteoroloxía non invita moito, pois adoitaba levarse a cabo entre finais de novembro e principios de decembro. Esta primeira edición tivo éxito e foi en aumento nas seguintes de 2023 e 2024, visto que pasou o 2025 e a poboación e hostelería de Outes non puideron desfrutar do seu concurso de tapas queríamos preguntarlle:

- teñen previsto celebralo neste 2026?
- e se a resposta é afirmativa, que datas barallan para a súa celebración?
- xa se puxeron en contacto cos hosteleiros para coordinar o evento?

O alcalde resposta que é vontade do Concello celebralo neste ano 2026, e que están estudando a data da súa celebración. Están en contacto co algún hosteleiro e prevén realizar unha xuntaza co sector da hostelería.

## **2.- Preguntas orais:**

### **a) BNG**

Primeira.- (Formula a sra. Agra Tuñas)

Pregunta se o concello ten previsto a cesión de algún local municipal para ubicar á asociación Terra de Outes, que quedou sen espazo debido ás obras no colexio do cruceiro de Roo.

## **3.- Rogos**

### **a) Compromiso Outes**

**Primeiro.-** (Formula a sra. Quintela Vilariño)

Roga ao Goberno de Outes que poña máis atención nas actividades e eventos dos clubs deportivos deste concello e rógalle que non se repitan situacións como acontecidas o día 25 de xaneiro, no que o clube de baloncesto de Outes celebraba unha xornada do programa xogade de baloncesto 3 x3 da que o concello estaba informado con antelación cando chegaron á entrada do pavillón estaba pechada véndose obrigados a entrar pola parte traseira do edificio.



**Segundo.-** (Formula o sr. González López)

Roga que se finalmente o concello o goberno actual decide recuperar a festa da vitalla, solicita que se lle pague nun tempo razoable aos amigos portugueses, non vaia a ser que orixinemos un conflito de carácter internacionais.

**b) BNG**

**Primeiro.-** (Formula a sra. Agra Tuñas)

Roga o pintado da Rúa Agro das Mozas, que segue sen pintar.

**Segundo.-** (Formula a sra. Agra Tuñas)

Roga se proceda a desairar a tubaxe da fonte do Lugar da Poza, xa que non bota auga por este motivo.

**Terceiro.-** (Formula a sra. Agra Tuñas)

Roga que se lle ceda locais á asociacións veciñais para que poidan solicitar subvencións que permitan arranxar os mesmos.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 20:45 horas, de todo o cal, como secretario, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

